

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500001483
28/01/15 13:25:15

INSTRUCCION XERENCIAL SOBRE O MANTEMENTO DA REDUCCIÓ SALARIAL SEGUNDO O DISPOSTO NA LEI 11/2014, DO 19 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2015.

Con data de 20 de xaneiro de 2014 ditouse a “*Instrucción xerencial sobre a aplicación na Universidade de Vigo do mantemento da redución retributiva disposta nos artigos 37 e 38 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 consonte o fixado na lei 11/2013, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014*”.

Con data de 30 de decembro de 2014 o Diario Oficial de Galicia publicou a Lei 11/2014, do 19 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, que no seu artigo 37. Dous recolle que “As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2014.”.

Con data de 27 de decembro de 2014, o Boletín Oficial do Estado publicou o Real Decreto 1106/2014, de 26 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2015, fixando a contía mensual do mesmo en 648,60 euros.

Nesta situación a Instrución xerencial de data 20 de xaneiro de 2014 permanece vixente durante o ano 2015, modificándose, ao adaptalo ao SMI vixente, o importe que figura no apartado Cuarto da instrución, aplicándose a minoración salarial só a aqueles empregados cuxo salario, a xornada completa e en cómputo anual, sexa de 13.620,60 euros, ou superior, sen que, unha vez aplicada a minoración salarial, o salario resultante poida ser inferior aos 13.620,60 euros. No caso de realizarse unha xornada inferior á completa, a cantidade sinalara reducirase en proporción á redución da xornada.

Vigo, 26 de xaneiro de 2015
O Xerente



Manuel Fernández Jauregui